

Concello de Ponteareas

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión levada a cabo o 18 de abril de 2017, aprobou o Plan Anual Normativo Municipal do Concello de Ponteareas para o ano 2017, do seguinte literal:

“PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2017”

ÍNDICE:

- I.Exposición de motivos.
- II.Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación.
- III.Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.
- IV.Programación temporal estimada de execución do plan.

I.Exposición de motivos.

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un “plan normativo” que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

“Artigo 132. Planificación normativa.

1. Anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser tramitadas para a súa aprobación no ano seguinte.
2. Unha vez aprobado, o plan anual normativo publicarase no portal da transparencia da Administración pública correspondente.”

A Disposición derradeira quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor da Lei (2/10/2016), deberanse adecuar a mesma as normas reguladoras dos distintos procedementos que sexan incompatibles con esta lei:

“Disposición derradeira quinta. Adaptación normativa.

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor da lei, deberanse adecuar a ela as normas reguladoras estatais, autonómicas e locais dos distintos procedementos normativos que sexan incompatibles co previsto nesta lei.”

Na exposición de motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, atópanse as razóns e finalidades que o lexislador pretende acadar con esta novedosa regulación:

“Durante os máis de vinte anos de vixencia da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no seo da Comisión Europea e da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos foise avanzando na mellora da produción normativa («Better regulation» e «Smart regulation»). Os diversos informes internacionais sobre a materia definen a regulación intelixente como un marco xurídico de calidade, que permite o cumprimento dun obxectivo regulatorio a un tempo que ofrece os incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permite simplificar procesos e reducir cargas administrativas. Para isto, resulta esencial unha adecuada análise de impacto das normas de forma continua, tanto ex ante como ex post, así como a participación dos cidadáns e das empresas nos procesos de elaboración normativa, pois sobre eles recae o cumprimento das leis.

Concello de Ponteareas

Para levar a cabo as modificacións das ordenanzas reguladoras e fiscais do noso Concello de acordo ca lexislación arriba mencionada, aprobamos este ano unhas directrices sobre a consulta previa obrigatoria e sobre a avaliación normativa posterior que hoxe debemos ter en conta. Despois de facer varias xuntanzas cos diferentes concelleiros, estes trasladáronme as súas propostas regulamentarias, de acordo coas demandas que tiñan nas súas áreas. Neste sentido, acompañamos este plan cunha proposta para someter á consulta pública previa as ordenanzas que pretendemos regular, así como o establecemento da exención da consulta previa nalgunhas outras. Na proposta facemos unha breve descrición dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.

II. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación

- Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social
- Ordenanza reguladora da taxa do cemiterio municipal
- Ordenanza reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos
- Ordenanza reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construción, obras e instalacións
- Ordenanza reguladora de caixeiros automáticos e máquinas expendedoras nas fachadas dos inmóbeis con acceso directo dende a vía pública
- Ordenanza fiscal reguladora das Taxas por dereitos de exames
- Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica
- Ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana
- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal (comprobación) respecto das actuacións comunicadas en materia de urbanismo e das obras de acondicionamento de locais comerciais ás que se refire o art. 3.3 do rd-lei 19/2012, de 25 de maio.
- Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no Mercado de Abastos de Ponteareas
- Ordenanza Xeral de Circulación
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis

III. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.

- Regulamento de participación cidadá
- Ordenanza reguladora da cesión de uso de Locais Municipais á asociacións e colectivos sociais,
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos
- Ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos

Concello de Ponteareas

- Ordenanza reguladora do servizo de baleirado de fosas sépticas
- Ordenanza fiscal Xeral
- Regulamento Orgánico Municipal

IV.Programación temporal estimada de execución do Plan.

O plan normativo proposta non é vinculante, máis a intención deste goberno municipal é ambiciosa e sabemos que non vai ser sinxelo de executar, pero poñeremos todo o esforzo posible para ter aprobadas todas as ordenanzas que se propoñen a finais de ano, e no caso de que non puidera ser así, que os traballos sobre as mesmas estean o suficientemente adiantados para que sexan aprobadas ao inicio de 2018.

Unha vez que se fagan as consultas previas á cidadanía, seguirase o procedemento establecido na lei e nas directrices aprobadas, dándolle prioridade a aprobación das modificacións que foron propostas e aprobadas pola Corporación Municipal.

Proposta da Alcaldía para someter á aprobación do pleno da Corporación a consulta pública sobre as ordenanzas que se pretenden crear e modificar, a través do portal web do Concello de Ponteareas (www.ponteareas.gal) na que se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas polas futuras normas, nos termos establecidos no artigo 133 da LPAC

ORDENANZAS	CONSULTA PREVIA? (SI/NON E CAUSA)	BREVE DESCRICIÓN SOBRE OS PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA, A NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN, OS OBXECTIVOS DA NORMA E AS POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULAMENTARIAS E NON REGULAMENTARIAS.
MODIFICACIÓNS		
Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social	SI	Preténdese modificar os baremos utilizados nestas axudas para dar cobertura a un maior número de familias. A previsión é incrementar o límite dos baremos utilizados nun 6,5%.
Ordenanza reguladora da taxa do cemiterio municipal	SI	Necesidade de actualizar a ordenanza por estar desfasada en tarifas. Tamén contén unha omisión grave desde a última modificación porque a clasificación de parcelas non se corresponde coa

Concello de Ponteareas

		realidade actual e impide tarificar o feito impositivo. Tampouco inclúe as porcentaxes de bonificación por parentesco nas transmisións. É necesario actualizar o máis axiña posible para que se poida aplicar a expedientes xa iniciados.
Ordenanza reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos	SI	Dado que vai ser necesario elaborar unha nova norma que é a Ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos, tamén vai ser necesario adaptar a Ordenanza fiscal de taxas. Ademais preténdese actualizar os importes, así como introducir bonificacións nos cambios de titularidades.
Ordenanza reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construción, obras e instalacións	SI	Preténdese a modificación á baixa do tipo de gravame tributario, a revisión de bonificacións xa existentes, así como introducir novas bonificacións. Aproveitaríase para introducir cambios na forma de xestión do tributo en atención a conseguir unha forma máis eficaz e eficiente no procedemento da liquidación e pago do imposto.
Ordenanza reguladora de caixeiros automáticos e máquinas expendedoras nas fachadas dos inmóbeis con acceso directo dende a vía pública	NON. Pto.3 b) III das directrices. A proposta normativa non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios ou regula aspectos parciais dunha materia	Preténdese simplemente actualizar as tarifas pola instalación polas entidades bancarias ou outras entidades de caixeiros automáticos e demais aparatos e máquinas expendedoras de que se serven as entidades bancarias ou outras entidades para prestar seus servizos nas fachadas dos inmobles, con acceso directo dende a vía pública.
Ordenanza fiscal reguladora das Taxas por dereitos de exames	NON. Pto.3 b) III das directrices. A proposta normativa non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios ou regula aspectos parciais dunha materia	Preténdese introducir na ordenanza exencións e bonificacións nas taxas que deben pagar as persoas que realizan probas de acceso a un posto de traballo no Concello, sobre todo a aquelas que acceden a un posto de traballo temporal.
Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción	SI	Neste imposto que grava a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas,

Concello de Ponteareas

mecánica		calquera que sexa a súa clase e categoría preténdese reducir as tarifas, así como actualizar as bonificacións e exencións.
Ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terrenos de natureza urbana	NON. Pto.3 b) III das directrices. A proposta normativa non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios ou regula aspectos parciais dunha materia	Neste imposto que grava o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos, pretendemos establecer novas exencións, así como adaptala a recente Sentencia do Tribunal Constitucional (Sentencia 26/2017, de 16 de febreiro de 2017)
Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos	SI	Nesta ordenanza pretendemos actualizar prezos das taxas pola expedición de documentos, introducir os cambios necesarios pola existencia da nova administración electrónica, así como unificar e reordenar todas as modificacións existentes nun so texto normativo.
Ordenanza reguladora de licencias e comunicacións previas no ámbito urbanístico	SI	Preténdese neste suposto actualizar o réxime das licenzas e comunicacións previas no ámbito urbanístico ao abeiro do disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, así como concordar as técnicas de intervención mentadas co disposto no Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. A data límite para aprobala é o 9 de agosto de 2017.
NOVA CREACIÓN		
Regulamento de participación cidadá	NON. Proceso iniciado con anterioridade ao 1 de outubro de 2016. Xa foi sometida a consulta previa cos diferentes sectores sociais e existe un acordo plenario de consenso sobre a norma.	O obxecto deste Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos cidadáns e das entidades e asociacións na

Concello de Ponteareas

		xestión municipal do Concello de Ponteareas, de conformidade coa lexislación vixente
Ordenanza reguladora da cesión de uso de locais municipais á asociacións e colectivos sociais	SI	Esta Ordenanza ten por obxecto regular a cesión de locais municipais aos colectivos sociais. É convinte elaborala para concretar os termos da lexislación de réxime local adaptada a realidade de Ponteareas.
Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil	SI	A lexislación de ámbito municipal (Lei de Bases Reguladoras do Réxime Local e Lei de Facendas Locais) permítenos establecer determinados tributos. Hoxe existe unha realidade no noso Concello que é a utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil. Este goce non está gravado, polo que pretendemos aprobar unha ordenanza fiscal

Concello de Ponteareas

		que así o faga.
<p>Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos</p>	SI	<p>A lexislación de ámbito municipal (lei de Bases Reguladoras do Réxime Local e Lei de Facendas Locais) permítenos establecer determinados tributos. Hoxe existe unha realidade no noso Concello que é a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no solo, subsolo e voo, con:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables (caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outros suministros enerxéticos, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver ca enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.

Concello de Ponteareas

		-Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares. Este goce non está gravado, polo que pretendemos aprobar unha ordenanza fiscal que así o faga.
Ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos	SI.	Esta ordenanza debe crearse por mandato do Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. A data límite para aprobala é o 9 de agosto de 2017.
Ordenanza reguladora do servizo de baleirado de fosas sépticas	SI.	Preténdese poñer a disposición dos veciños e veciñas un servizo de baleirado de fosas sépticas na rede de sumidoiros do concello, polo que é necesario elaborar unha ordenanza que regule o mesmo, pois hoxe existe esa demanda entre os veciños e nin existe normativa que o regule nin teñen seguridade xurídica para baldeiralas noutros lugares.
Ordenanza fiscal Xeral	NON. Pto.3 b) II das directrices. Non é preceptiva por ser unha norma organizativa.	Esta Ordenanza ten por obxecto regular de forma xenérica os

Concello de Ponteareas

		<p>procedementos de xestión, inspección, recadación e de revisión en vía administrativa dos ingresos de dereito público que formen parte da Facenda Municipal, así como a potestade sancionadora en materia tributaria. É necesario elaborala por indicación do Departamento de área municipal, dado que non existe na normativa local.</p>
<p>Ordenanza reguladora da contaminación acústica en Ponteareas</p>	SI	<p>Con esta ordenanza Ordenanza pretendemos regular a actuación municipal dirixida a protexer o medio ambiente contra as perturbacións por ruídos, vibracións e actividades molestas e a establecer as condicións requiridas para a obtención de licenza de apertura ou funcionamento dos locais. Non existe regulación algunha sobre esta materia, polo que é necesario regulala.</p>
<p>Ordenanza Xeral de Circulación</p>	SI	<p>O tráfico de vehículos e de peóns constitúe un dos aspectos máis complexos e</p>

Concello de Ponteareas

		<p>importante da convivencia cidadá, especialmente, nas urbes. Precisamente por iso e para tratar de resolver os problemas derivados do uso dos espazos públicos nas cidades, pretendemos elaborar unha norma que hoxe non existe para adoptar medidas correctoras que traten de satisfacer os intereses entre condutores e peóns, entre a fluidez do tráfico e o estacionamento, entre a seguridade e a rapidez, entre a escaseza do espazo público e a necesidade do desprazamento de algúns protagonistas de actividades, entre o transporte público e o privado</p>
<p>Regulamento interno da policía local</p>	<p>NON. Pto.3 b) II das directrices. Non é preceptiva por ser unha norma organizativa.</p>	<p>Pretendemos facer un regulamento que terá por obxecto establecer os criterios de actuación, organización e funcionamento polos que se rexerá o Corpo de Policía Local do noso Concello. Tan pronto como estea dispoñible a RPT que se está a levar a cabo,</p>

Concello de Ponteareas

			comezaremos coa elaboración de esta ordenanza de carácter interno.
Regulamento interno de prevención e extinción de incendios.		NON. Pto.3 b) II das directrices. Non é preceptiva por ser unha norma organizativa.	Preténdese, como no suposto anterior, dotar ao corpo municipal de bombeiros dun instrumento normativo que concrete adecuadamente o seu marco de actuación, organización e funcionamento no contexto da nova RPT do Concello.
Regulamento municipal	orgánico	NON Pto.3 b) II das directrices. Non é preceptiva por ser unha norma organizativa.	Preténdese dotar ao Concello de Ponteareas dun Regulamento Orgánico Municipal

Ponteareas, documento asinado electrónicamente.